

**MESTIZAXE** Músicos de Senegal, Marrocos, Portugal, Catalunya e Galicia no Festival de Cabo Udra en agosto

# A multicultural Noite do Trasnó

**A Asociación Mozas e Mozos organiza en Beluso e Bueu exhibicións de danza, teatro, maxia e clown**

maré • Santiago

As oito bandas que participarán os vindeiros 13 e 14 de agosto no festival *A Noite do Trasnó* encherán Cabo Udra de diversidade cultural. Músicos de Senegal, Marrocos, Portugal ou Catalunya e, por suposto, de Galicia, participarán na terceira edición do evento, que foi presentada onte por Andrés Lamosa, Responsable de Actividades da Asociación Mozas e Mozos de Beluso, organizadora do festival.

Os grupos de música galega Xochilmica e Ardentía abrirán o festival o venres día 13, para continuar, despois da queimada, co reggae portugués de Terrakota e o hip-hop de Black Baudelaire. O sábado 14 de agosto actuarán os estradenses Matraca Perversa, La Fritanga co seu ska-rock e La Kinky Beat, para pechar *A Noite do Trasnó* con Django FM.

Xa a partir do luns día 9 de agosto, a Asociación Mozas e Mozos organiza en Beluso e en Bueu unha semana chea de actividades, con exhibicións de capoeira e danza contemporánea, teatro e espectáculos de maxia e clown. A fin de semana dos concertos haberá ademais música e baile tradicional, xogos e obradoiros, e mais animación de rúa.

Habilitarase unha zona de acampada gratuita para facilitar a asistencia ó festival.

A festa comeza o venres día trece de agosto, ás dez da noite co grupo folk Xochilmica, un grupo da zona de Santiago que aposta polas composicións propias e bailables dentro do eido da


música galega. Xochilmica vén de gañar a quinta edición do Certame Folk de RADIO OBRADOIRO e prepara o repertorio do seu primeiro disco.

Un dos mellores grupos no panorama da música tradicional estará o trece de agosto en *A Noite do Trasnó*. Trátase de Ardentía, unha formación viaguesa que xa gravou tres discos.

Logo da queimada e o conxuro que se lerá a medianoite, os portugueses Terrakota marcarán o ecuador do primeiro día de festa co seu reggae mestizo. A banda Black Baudelaire pechará a primeira noite coas súas letras de denuncia social a ritmo de hip-hop.

A troula da Matraca Perversa abre o segundo día para continuar con La Fritanga. O punto álxido de *A Noite do Trasnó* chega da man de La Kinky Beat e os seus ritmos cálidos. Django FM pecha os concertos de co seu estilo raggamuffin.

Entre as actividades que se desenvolverán do luns 9 de agosto ó xoves 21, atópase o espectáculo de maxia de *El Domador de Ilusiones*, mentres que o martes 10 haberá unha exhibición de capoeira na praia de Area de Bon, teatro para a animación á lectura *Historia de un libro*, entre outras cousas. ●



● grupo de folk Xochilmica, que gañou o Certame de Radio Obradoiro

## ||| A CERNA |||

### Con zona de acampada libre

A organización habilitará unha zona de acampada gratuita para todos aqueles que desexen asistir a *A Noite do Trasnó*. Situarase preto da zona de concertos, a dous pasos da praia e da sombra do monte.

**LETRAS** ■ 'Baixo Mínimos' de Ameixeiras, 'Vermella con lobos' de Blanco e a 'Gramática insubordinada' do Obradoiro de Gianni Rodari son as novidades

## A editorial Xerais lanza no verán tres novos títulos

A editorial Xerais introdúcese no verán co lanzamento de tres novas obras, as novelas *Baixo mínimos* de Diego Ameixeiras e *Vermella con lobos* de Carmen Blanco, ademais de *Gramática insubordinada* do Obradoiro de Lingua Gianni Rodari.

Galicia xa ten o seu Pepe Carvalho

no detective Horacio Dopico, un novo personaxe creado por Diego Ameixeiras para a súa primeira novela *Baixo mínimos*, na que a través do xénero negro artella unha trama sobre o asasinato dun avogado. Así a policía detén a varios activistas do GIA (Grupo Independentista Armado) e case nin-

guén dubida da versión que ofrece a Consellería de Interior, sen embargo na corrupta cúpula da Consellería non confían nas súas propias mentiras e queren saber algo máis sen que interveñan as forzas de seguridade.

*Vermella con lobos* de Carmen Blanco é un conxunto de dez narracións



'Gramática insubordinada'

que constitúen unha recreación libre e persoal dos contos de fadas, afastados dos contidos misóxinos, reaccionarios e pouco liberadores. Dende esta perspectiva a autora de *Mulleres e independencia* reinventa a clásicos como *Carapucha vermella*, *Peter Pan*, *As mil e unha noites*, *A sereñña*, *Bucles de ouro*, *Os tres osíños*, *Brancaleves*, *A bela dormente do bosque*, *Cincenta*, *Barba azul* e *Alicia no país das maravillas*.

*Gramática insubordinada* é un libro que recolle a experiencia de animación á lectura que dende hai vinte anos vén desenvolvendo en Vigo o Obradoiro Gianni Rodari e no que se analiza o proceso creativo e se cuestionan as premissas máis sagradas da Gramática. ● maré

## Medalla Persoal para colgar da cadea

Representa ó Apóstolo Santiago en actitude de bendicir os peregrinos. No reverso recorda o Ano Xubilar 2004. Elaborada en prata de primeira lei. Dimensións: 16 mm de alto.

# 4€

Consigue a medalla persoal no Preguntoiro, 29 - Santiago, entregando o cupón desconto do xornal Galicia Hoxe + 4 euros.

NOME \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

ENDEREZO \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

TELÉFONO \_\_\_\_\_

CANTIDADE \_\_\_\_\_

**Galicia Hoxe**